

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                              | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------------------|----------|---------------|
| 15005701 | CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma | A Coruña | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua castelá e literatura | 5º Pri. | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 27            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 28            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 28            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 29            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 29            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 30            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 31            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 31            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 32            |
| 9. Outros apartados   | 32            |

## 1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura de 5º de primaria.

O noso centro está situado na cidade da Coruña e conta con moito espazo exterior e unha paisaxe non moi urbana, xa que estamos situados nun barrio periférico.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 320 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria.

Hai en 5º 2 grupos de 20 alumnos e alumnas.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:00 a 14:00, dispón de servizo de madrugadores, comedor e transporte escolar.

Asimesmo, somos centro plurilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio, un croma, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se pode facer representacións teatrais.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de docentes do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Centrándonos na propia área de Lingua e Literatura Castelá, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL   | CP  | STEM | CD      | CPSAA | CC  | CE | CCEC  |
|--|-------|-----|------|---------|-------|-----|----|-------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.                                      | 1-5   | 2-3 |      |         |       | 1-2 |    | 1-3   |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.  | 2     | 2   | 1    | 3       | 3     | 3   |    |       |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.   | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3     |       | 2   | 1  |       |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.                                     | 2-3-5 | 2   | 1    | 1       | 4-5   |     |    |       |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.   | 1-3-5 |     | 1    | 2-3     | 5     | 2   |    |       |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3     |     |      | 1-2-3-4 | 5     | 2   | 3  |       |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.   | 1-4   |     |      | 3       | 1     |     |    | 1-2-3 |

| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC    |
|--|-------|----|------|----|-------|-------|----|---------|
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 |    |      |    |       |       |    | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.  | 1-2   | 2  | 1-2  |    | 5     |       |    |         |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.  | 1-5   | 3  |      | 3  | 3     | 1-2-3 |    |         |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                            | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Cantas cousas teño que contarche! | Identidade lingüística (linguas da nosa contorna).<br>Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral (presencial, videoconferencia, telefónica...)<br>Canles de comunicación escrita (manuscrita, impresa, dixital...)<br>Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, maiúsculas/minúsculas... | 11             | 16         | X        |          |          |
| 2  | No papel está todo escrito        | Diversidade lingüística (distintas formas do castelán)<br>Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (respectar quendas, escoitar, intervir cando corresponda).<br>Lectura comprensiva de textos escritos.<br>Creación colectiva de textos. Interpretación                         | 11             | 16         | X        |          |          |

| UD | Título  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2  | No papel está todo escrito                                  | e elaboración de textos instrutivos: manuais, guías, prospectos...<br>Substantivo, prefixo, normas de acentuación, ditongos.  | 11             | 16         | X        |          |          |
| 3  | Leo para coñecer, para saber, para aprender, para disfrutar | Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais: exposicións, instrucións, debates.<br>Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos: textos literarios, de opinión, manuais, descritivos...<br>Elaboración de textos expositivos multimodais que supoñen procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, etc, con asignación de diferentes roles no grupo.<br>Adxectivos, prefixos, sufixos. Hiatos. | 11             | 16         | X        |          |          |
| 4  | Narrando historias  | A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias.<br>A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos.<br>Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos.<br>Determinantes: artigos, posesivos, demostrativos. Normas ll/y, c/cc  | 12             | 15         |          | X        |          |
| 5  | Versos e poesía   | A poesía recitada e as cancións<br>Estrutura da linguaxe poética: métrica e rima<br>A linguaxe poética: ritmo, emocións e recursos literarios.<br>Pronomes. Coma, punto.  | 11             | 15         |          | X        |          |
| 6  | Vou escribir o que me pasa                                  | Expresión de vivencias persoais.<br>As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas.<br>O verbo: raíz e desinencia. Uso de b/v.   | 11             | 16         |          | X        |          |
| 7  | Podemos entendernos   | O debate como forma ordenada de intercambiar ideas, con respecto polas diferentes opinións.<br>Textos argumentativos, informativos e de opinión.<br>Verbos: conxugación, número e persoa. Os xentilicios  | 11             | 15         |          |          | X        |
| 8  | Que pensas ti? Que penso eu?                                | O debate: xogo de roles e asimilación da postura contraria. A entrevista: interacción coa persoa entrevistada.<br>Preparación previa e redacción posterior da entrevista.<br>Verbos: tempo, modo e forma. Uso g/j, aumentativos e diminutivos.  | 11             | 15         |          |          | X        |
| 9  | Ler e escribir nas pantallas                                | Comunicación oral por medios dixitais: radio e tv.<br>A prensa escrita nos distintos soportes.<br>Información sobre asuntos inmediatos.   | 11             | 16         |          |          | X        |

| UD | Título                       | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9  | Ler e escribir nas pantallas | Palabras invariables: preposicións, adverbios, conxuncións. Palabras compostas. Uso de ":", ";", "..." | 11             | 16         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                      | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 1  | Cantas cousas teño que contarche! | 16       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Escribe un breve texto instrutivo de forma comprensiva.  | PE | 34 |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Escribe texto breve con acentuación correcta.  |    |    |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.   | Reelabora cun vocabulario adecuado textos instrutivos lidos previamente .                                    |    |    |
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.  | Amosa a mesma consideración polos compañeiros con lingua materna diferente.                                  | TI | 66 |
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.   | Recoñece na conversa o galego, o castelán e o inglés.  |    |    |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.  | Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.                |    |    |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.  | Resume unha comunicación oral breve.   |    |    |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.   | Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura. | Aproveita o momento lector con regularidade.<br>Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60". |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> <li>- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.</li> <li>- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.</li> <li>- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.</li> <li>- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.</li> </ul> |



| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.</li> <li>- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 2         | No papel está todo escrito | 16              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.   | Recoñecer o castelán, o galego e o inglés en textos escritos   | PE        | 73       |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.  | Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade                                   |           |          |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.  | Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos                                      |           |          |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.                 |           |          |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.   | Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada. |           |          |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.  | Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais, comparadas con conversas docente/discente.              |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación   |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Identifica os nomes nun texto escrito   |    |    |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.   | Recoñece significado da totalidade dos nomes dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou con axuda dixital ou de dicionario. |    |    |
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.  | Recoñece nas conversas os interlocutores en castelán con entorno familiar non galego  |    |    |
| CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.  | Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais.   | TI | 27 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.  | Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras.   |    |    |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.  | Respecta as quendas nas conversas en grupo.   |    |    |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.   | Expresa opinión en conversas grupais de maneira activa  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.</li> <li>- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.</li> </ul> |

## Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---|----------|
| 3  | Leo para coñecer, para saber, para aprender, para disfrutar | 16       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas | PE | 52 |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.   | Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a.                 |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.  | Indentifica palabra clave en textos breves.   |    |    |
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.  | Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais. |    |    |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.             | Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado.                 |    |    |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adxectivos.                  |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Recoñece en textos os nomes e adxectivos.   |    |    |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.  | Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase       |    |    |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.   | Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.                                  |    |    |
| CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.  | Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática.                | TI | 48 |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.   | Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes.                     |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. | Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos. |    |   |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.  | Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca.              |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.</li> <li>- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.</li> <li>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.</li> <li>- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.</li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

| UD | Título da UD       | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 4  | Narrando historias | 15       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.   | Redacta resumo de textos narrados con coherencia e claridade                  |    |    |
| CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada. | Identifica e clasifica textos segundo o seu formato literario: prosa, poesía. | PE | 37 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.  | Redacta un texto narrativo con intención literaria, cunha trama e persoaxes definidos. |    |    |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.  | Identifica textos literarios narrativos fronte a textos istructivos ou informativos.   |    |    |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Elabora textos narrativos en prosa nos que da voz ás personaxes.                       |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Identifica os determinantes nun texto narrativo breve.                                 |    |    |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.  | Expresa unha valoración emocional sobre unha breve historia narrada                    |    |    |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.   | Resume un texto narrativo breve, con vocabulario axeitado.                             |    |    |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.  | Interésase polo final de textos narrativos antes de lelos.                             |    |    |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.   | Amosa lectura fluída en textos literarios narrativos.                                  |    |    |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.  | Utiliza regularmente os momentos de lectura de xeito adecuado                          | TI | 63 |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.   | Aporta opinións persoais nos debates literarios  |    |    |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.  | Manifesta preferencias por tipo de narrativa ou autor/autora.                          |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.   | Rexistra un número de lecturas suficiente, marcado no comezo de curso.                    |           |          |
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.   | Coñece o funcionamento da biblioteca, e a súa organización para buscar fondos e recursos. |           |          |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.  | Participa activamente en representacións lidas e escenificacións teatrais.                |           |          |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada. | Revisa e mellora textos narrativos previamente elaborados                                 |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.</li> <li>- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.</li> <li>- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.</li> </ul> |



## Contidos

- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

| UD | Título da UD    | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 5  | Versos e poesía | 15       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución                | IA | %  |
|---|---------------------------------------|----|----|
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. | Analiza a métrica e a rima dun poema. | PE | 42 |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.  | Produce textos literarios expresando as súas emocións.   |           |          |
| CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.   | Recoñece algún recurso literario   |           |          |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Escribe progresivamente sen faltas de ortografía, progresando nas normas gramaticais                           |           |          |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Recoñece algunhas categorías gramaticais.  |           |          |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.  | Recita poemas de maneira autónoma de xeito coherente.  | TI        | 58       |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.  | Le poesía con correcta entoación e ritmo   |           |          |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.   | Expresa a súa valoración sobre poemas e cancións   |           |          |
| CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.   | Comparte a lectura a través de comunidades lectoras  |           |          |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.  | Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía   |           |          |
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.  | Participa activamente en foros literarios  |           |          |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.   | Emprega tono e actitude axeitadas nas representacións literarias lidas ou interpretadas.                       |           |          |
| CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.  | Expresa emocións coa lectura e audición de textos literarios poéticos e cancións, con relación ao seu contido. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.</li> <li>- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.</li> <li>- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> <li>- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.</li> <li>- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.</li> <li>- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).</li> <li>- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.</li> <li>- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.</li> <li>- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.</li> <li>- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.</li> <li>- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.</li> <li>- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.</li> <li>- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.</li> <li>- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.</li> <li>- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.</li> <li>- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.</li> <li>- Identificación de recursos literarios básicos.</li> <li>- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.</li> <li>- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.</li> </ul> |

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 6  | Vou escribir o que me pasa | 16       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.             | Redacta un autorretrato breve, con características axeitadas.                       | PE | 76 |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.   | Utiliza nunha narración propia un vocabulario axeitado e sen redundancias.          |    |    |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Utiliza as formas verbais de maneira correcta en exemplos comúns.                   |    |    |
| CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.   | Reelabora textos descriptivos modificando formas verbais sen cambiar o significado. |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada. | Mellora a redacción de textos de vivencias persoais logo da súa lectura. |           |          |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.  | Utiliza correctamente o b/v en exercicios con vocabulario adecuado.      |           |          |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.                                | Transmite aos demais oralmente as súas emocións                          | TI        | 24       |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.  | Nas descricións persoais recoñece aspectos positivos e negativos.        |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.</li> <li>- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.</li> <li>- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.</li> <li>- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.</li> <li>- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.</li> <li>- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.</li> <li>- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.</li> </ul> |

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 7  | Podemos entendernos | 15       |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.  | Recoñece e comprende distintos tipos de textos.                                    | PE | 34 |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.   | Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico.                    |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Diferenza algunhas categorías gramaticais recoñecendo o verbo.                     |    |    |
| CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.           | Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas. | TI | 66 |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.  | Expón as súas opinións de xeito fluído.  |    |    |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.   | Participa na comunicación, respetando a quenda.                                    |    |    |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.                                 | Expresa coherentemente as súas opinións.   |    |    |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. | Escoita as opinións alleas.  |    |    |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.                                 | Acude con regularidade a fontes seguras na procura de información.                 |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> </ul> |

## Contidos

- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 8  | Que pensas ti? Que penso eu? | 15       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Identifica linguaxe discriminatoria nun texto escrito.  | PE | 50 |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.   | Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia.   |    |    |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.   | Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.                         |    |    |
| CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.  | Reelabora de forma máis comprensible textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.  |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas. |    |    |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.  | Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate   | TI | 50 |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.   | Demostra capacidade de enriquecer a súa opinión a través dos argumentos doutros compañeiros e compañeiras.                                  |    |    |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.                           | É propositivo en situacións de conflitos de convivencia.  |    |    |
| CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.                                  | Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoa coñecida.  |    |    |
| CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.       | Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Procesos: interacción oral
  - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
  - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
  - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral.
  - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
  - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
  - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
  - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
  - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
  - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
  - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
  - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
  - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
  - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
  - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
  - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
  - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
  - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 9  | Ler e escribir nas pantallas | 16       |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.  | Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas.   | PE | 55 |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.   | Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado. |    |    |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.   | Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.  |    |    |
| CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.  | Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.   | TI | 45 |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Rexeita os usos lingüísticos que se poidan profucir nos medios de comunicación.  |    |    |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.   | Amosa hábitos seguros en internet.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> <li>- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.</li> <li>- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social. Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Ultraportátiles de alumnado.                                   |
| Portátil de aula e do profesor ou profesora, e PDI.            |
| Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados.      |
| Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma... |
| Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.              |
| Biblioteca de aula, con libros de consulta e de literatura.    |
| Radio escolar e salón de actos.                                |
| Fontes documentais de internet.                                |

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

Exame dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>12</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 34        | 73        | 52        | 37        | 42        | 76        | 34        | 50        | 55        | <b>50</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 66        | 27        | 48        | 63        | 58        | 24        | 66        | 50        | 45        | <b>50</b>  |

### Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións despois de cada UD ou de cada dúas, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

Tarefas realizadas en tempo.

Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.

Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferencias.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control do profesor, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre.

A nota final será a media dos tres trimestres.

### Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

> A dispoñibilidade de profesorado a maiores do titor, entendendo que dende a Xefatura de Estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade ven definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que

presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

> O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.

> O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.

> O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

>O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Emprendemento.   | X    | X    |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.2 - Igualdade de xénero.   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Educación para a paz.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. |      |      | X    |      |      |      | X    | X    |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).                        | X    | X    |      |      |      | X    | X    |      |
| ET.6 - Educación emocional e en valores.                                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |      |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Emprendemento.   | X    |
| ET.2 - Igualdade de xénero.   | X    |
| ET.3 - Educación para a paz.  | X    |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. | X    |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).                        |      |
| ET.6 - Educación emocional e en valores.                                  |      |

### Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Proxecto lector   | Realizar lecturas de diversos libros ao longo do curso.   |          |          |          |
| Visita á unha obra teatral.   | Visita a unha obra teatral dentro da programación que organiza o Concello, orientada aos centros educativos |          |          |          |
| Participación en actividades organizadas pola biblioteca escolar relacionadas coa composición creativa. | Realización de producións creativas propias relacionadas coas actividades da biblioteca escolar.            |          |          |          |

### Observacións:

As actividades do proxecto lector realizaranse ao longo de todo o curso. Participaremos nas actividades de calquera dinamización do centro, sobre todo da biblioteca escolar. Saída a unha obra teatral.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).   |
| Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.   |
| Grao de coordinación entre os dous mestres/as do nivel.   |
| Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.   |
| Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.   |
| Grao de motivación continuada do alumnado.  |
| Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade. |
| Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.                             |
| Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.   |
| Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.  |

### Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o currículo LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que profile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados